



Os alumnos do máster, nunha das actividades prácticas

O Máster en Producción de Leite da USC encamiñase cara ao curso 2018-2019

Co obxectivo de darlle resposta a unha demanda de especialización maior das explotacións gandeiras, este máster xa ten o prazo de preinscrición para o próximo curso aberto ata o 12 de xullo. Falamos co seu director, José Manuel Pereira, e con dous alumnos do curso vixente Carlota Lázare e David Vázquez para facer balance dos coñecementos adquiridos e das novidades do vindeiro ano.

Despois de estar paralizado durante un par de anos, o Máster en Producción de Leite volveu ao Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela neste curso académico 2017-2018. O seu director, José Manuel Pereira, reconece que “retomar a actividade supuxo unha posta ao día do programa, unha actualización dos contidos e un esforzo importante en canto a contactos, pois contamos con máis de 50 docentes profesionais do sector”.

Un total de 10 alumnos procedentes do sector agrogandeiro, sobre todo titulados en Enxeñería Agrícola e do Medio Rural, Enxeñería Agrónoma e Veterinaria, e de diversas partes do territorio nacional –Galicia, Asturias, Cantabria e Valencia– así como do norte de Portugal, formaron parte desta promoción.

A vindeira convocatoria está aberta a outros 12 alumnos como máximo. En caso de ter máis solicitudes haberá un proceso de selección no que se primará o perfil profesional e o expediente académico de cada preinscrito e, pola contra, tal e como afirma o director do máster: “Terá que haber un mínimo de 10 interesados para garantir a viabilidade económica do mesmo”.

En canto aos requisitos de acceso, débese estar en posesión dunha titulación universitaria (grao, máster, licenciatura ou diplomatura), preferentemente relacionada co sector agrogandeiro, ou ben estar a piques de rematar unha, sempre e cando tan só falten por cursar un máximo de 30 créditos ECTS e se obteña a titulación requirida antes da finalización do máster.

DOUS CALENDARIOS POSIBLES

Para obter esta titulación, hai dous itinerarios posibles, ambos de carácter presencial. A primeira opción, a intensiva, levarase a cabo nun curso lectivo habitual, de setembro de 2018 a xullo de 2019, e está pensada para aquelas persoas que “dispoñan do tempo suficiente para compatibilizar as labores docentes do curso e ao mesmo tempo poidan facer as prácticas e o traballo fin de máster”, apunta Pereira.


Por outra banda, o itinerario ordinario desenvolverase nun prazo maior de tempo, de setembro de 2018 a decembro de 2019, para os matriculados con menor dispoñibilidade, por traballo ou por outros compromisos. Con esta alternativa, contan con cinco meses adicionais para realizar as prácticas en empresas e o traballo fin de máster.

O TEMARIO

A programación divídese en seis módulos formativos: morfoloxía, fisioloxía e manexo da vaca de leite; calidade do produto; benestar e instalacións; produción de forraxes; alimentación e formulación de racións en vacún leiteiro, e economía das explotacións de leite. Un total de seis áreas de estudo que combinan a docencia teórica coa práctica e que os alumnos porán sobre o terreo durante as 312 horas de prácticas en empresas.

Neste senso, José Manuel Pereira explica que “temos un panel de empresas nas cales ofertamos a realización das prácticas, pero os alumnos tamén poden seleccionar outras que lles sexan de máis interese. A nosa filosofía é que cada un elixa en función das súas inquedanzas onde quere facer as súas prácticas”.

A EXPERIENCIA DOS ALUMNOS



**CARLOTA
LÁZARE NADELA**
Veterinaria
(Lugo)

“TEÑO QUE FACER UN BALANCE MOI POSITIVO PORQUE ME ACHEGOU UNHA VISIÓN TRANSVERSAL DE TODO O SECTOR”

Cando te decidiches a facer este máster, que buscabas?

Estudei Veterinaria e ata o de agora estiven facendo un internado no Rof Codina no que facía basicamente clínica de grandes, de animais de abasto. Sabía que me quería especializar un pouco máis e estiven buscando traballo ata que me saíu a opción do máster. Ademais, as prácticas permitiríame achegarme un pouco máis ao sector.

Que balance farías do curso?

A verdade é que teño que facer un balance moi positivo porque me achegou unha visión transversal de todo o sector. Había materias das que xa tiña coñecementos máis ou menos amplos, pero doutras eran case nulos. Temas dos que os meus compañeiros agrícolas sabían moito e eu non tanto e a verdade é que creo que me aportou moitísimo. Cumpríu as miñas expectativas completamente.

Hai algunha área de estudo na que che gustaría ter afondado máis?

Quizais o módulo de xestión porque eu viña con poucos coñecementos sobre este tema, pois na carreira temos unha materia moi breve. As clases dese módulo están moi ben, pero estanme custando un pouco máis en comparación con outras. Se no máster afondasen máis ou puidera haber a posibilidade de seguir ampliando o tema sería interesante.

Cara a que actividade profesional te estás especializando?

A min a produción de leite encántame, sei que me quero dedicar a iso, pero ao non traballar nunca en certos aspectos tampouco sabía onde quería acabar, se calidade de leite, nutrición, xestión... Este máster si que me aporta unha visión de todo. Eu vou facer as prácticas en calidade de leite, pero non descarto para nada seguir formándome ou traballar noutra área.



**DAVID
VÁZQUEZ NOVÁS**
Enxeñeiro Agrícola
e do Medio Rural
(Santa Comba)

“ACHEGOUME MOITA FORMACIÓN PARA O DÍA A DÍA DA MIÑA EXPLOTACIÓN”

Cando te decidiches a facer este máster, que buscabas?

Gradueime no 2015 en Enxeñería Agrícola e do Medio Rural e desde o 2013 estou incorporado na explotación familiar xunto con meus pais. Xa levaba como tres anos esperando a facer este máster, pero como se cancelou varias veces, agora por fin o puiden facer. A verdade é que cumpríu as miñas expectativas. Eu buscaba ter unha visión transversal do sector, de todos os temas que están relacionados coa produción de leite e, sobre todo, nos ámbitos da alimentación e da economía da granxa.

Que balance farías do curso?

O balance, dende o meu punto de vista, é máis que positivo xa que me achegou moita formación para o día a día da miña explotación e axudoume a tomar decisións a curto e medio prazo. Con to finalizar en novembro, as prácticas vounas validar co traballo que xa fago e farei un traballo fin de máster relacionado cos custos de produción da miña explotación.

Hai algunha área de estudo na que che gustaría ter afondado máis?

A min gustaríame mellorar e afondar máis en alimentación e en xestión económica. Penso que as demandas do sector van ir neste camiño.

Cara a que actividade profesional te estás especializando?

Gustaríame continuar coa granxa familiar, tratar de optimizala e levar o tema da súa xestión. Ademais, miña irmá ten unha xestoría técnica, financeira e laboral, e gustaríame poder ofrecer este servizo para os clientes, que a maioría son gandeiros da zona.

SAÍDAS PROFESIONAIS

“Calquera ámbito que requira de servizos técnicos especializados en vacún leiteiro sería unha boa vía”, subliña Pereira. As saídas profesionais deste máster abranguen todo tipo de asesorías do sector, cooperativas agrarias, servizos veterinarios integrais, empresas de servizos... “Sería factible incluso establecerse como autónomo e ofertar servizos de asesoría a un grupo de explotacións”, recoñece.

NOVIDADES DA VINDEIRA CONVOCATORIA

Como novidade da nova edición do máster tamén se oferta a posibilidade de cursar dous módulos formativos do mesmo de xeito independente. Un deles é o Curso Básico de Alimentación na Produción de Leite e o outro, o Curso Básico de Economía da Explotación de Leite.

N.º de prazas	12
Custo total da matrícula	2.280 euros
N.º de créditos ECTS	60
Clases presenciais	setembro 2018-xuño 2019
Prácticas en empresas	outubro 2018-outubro 2019
Posibilidade de horario adaptado para traballadores	si
Lugar	Ligal (Abegondo) e Campus de Lugo

Máis información e preinscricións na súa páxina web:

www.masterenproducciondeleite.es ■